

**D.<sup>a</sup> VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)**

**CERTIFICA:**

Que a Alcaldía, con data de 28 de abril de 2020, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

---

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** AVOCAR COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DURANTE A VIXENCIA DO ESTADO DE ALARMA, E AS SÚAS PRÓRROGAS, POR MOR DO COVID-19

**EXPEDIENTE:** 2020/G003/000384

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019), corrixido mediante Decreto da Alcaldía da mesma data (res. 526/19), resolveuse delegar na Xunta de Goberno Local algunhas atribucións da Alcaldía (BOP nº 129, de 10/07/2019).

Considerando que, ante a situación actual de crise sanitaria motivada polo COVID-19 e a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, mediante Decreto da Alcaldía do 16 de marzo de 2020 (nº 265/2020), resolveuse suspender a convocatoria e sesións de todos os órganos colexiados do Concello de Teo, entre eles a Xunta de Goberno Local.

Considerando que, sen prexuízo do establecido no apartado 3 do artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 abril, engadido polo RDL 11/2020, do 31 de marzo, cuxa efectividade está pendente de implantación e que permitira celebrar as sesións dos órganos colexiados por medios electrónicos e telemáticos, durante o estado de alarma resulta improcedente celebrar Xuntas de Goberno Local presenciais.

Considerando que dita circunstancia non debe provocar a paralización da actividade administrativa que, de acordo coa disposición adicional terceira do RD 463/2020, se

poida seguir realizando en función dos acordos que, segundo a mesma, se poidan adoptar.

Considerando o disposto no artigo 116 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), segundo o cal o órgano delegante poderá avocar en calquera momento a competencia delegada con arranxo á lexislación vixente sobre procedemento administrativo común e, por remisión deste, no artigo 10 da Lei 40//2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confiren os artigos 116 do ROF e 10 da LRXSP, e artigo 21 da LRBRL,

**RESOLVO:**

**Primeiro.**- Avocar as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, mediante Decreto da Alcaldía de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019), corrixido mediante Decreto da Alcaldía da mesma data (res. 526/19), durante a vixencia do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2019, do 14 de marzo, e as súas prórrogas.

**Segundo.**- Procédase á publicación do presente no Boletín Oficial da Provincia, na web municipal, na sede electrónica e no taboleiro de edictos, sen prexuízo de que surta efectos dende o día da súa data.

**Terceiro.**- Dar traslado do presente aos membros da Xunta de Goberno Local e a todos os departamentos municipais, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Cuarto.**- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

---

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do sr. alcalde, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

Vº e Praxe

A secretaria xeral

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz